

MATERIA: **MÚSICA**

PROFESORA: Olga Cabalar Fernández

**MEDIDAS COVID**

No relativo á previsión dos posibles escenarios sanitarios, remitimos aos enlaces a Edixgal do IES de Mugarbos, nos que os alumnos poden acceder aos materiais e actividades das clases presenciais, elaborados segundo ás directrices metodolóxicas da Consellería.

**CONTIDOS**

1ª AVALIACIÓN	2ª AVALIACIÓN	3ª AVALIACIÓN
- Representación gráfica do son - Parámetros do son. - Elementos básicos da linguaxe musical - Elementos da música	- Elementos da linguaxe musical: intervalos, acordes, escalas, alteracións - A voz - Clasificación dos instrumentos musicais	- Elementos da linguaxe musical: arpexios, signos de repetición, grupos de valoración especial, forma musical - Pluralidade de estilos na música actual - A música ao servizo doutras linguaxes

O Bloque 2 (Escoita) e o Bloque 4 (Música e tecnoloxías) e a práctica rítmica serán traballados durante todo o curso, e por tanto os seus estándares correspondentes serán recollidos nas tres avaliacións. O resto dos contidos e os correspondentes estándares de aprendizaxe estarán secuenciados nas diferentes avaliacións.

**CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN**

FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN	PORCENTAXE NA CUALIFICACIÓN
Probas de execución rítmica de carácter individual: Lectura a primeira vista de esquemas rítmicos / execución dunha das cancións ensaiadas na clase	5%
Probas de análise de audicións: Recoñecemento de pezas escoitadas na clase/ Análise dos elementos da música en distintas pezas	20%
Traballo na aula	10%
Traballos individuais ou en grupo (incluído o proxecto)	25%
Exames teóricos de avaliación (dous por avaliación)	40%

O redondeo de decimais realizarase ao número enteiro máis próximo e no caso de equidistancia ao superior, tal e como establece a normativa educativa para cálculos de nota media. Para aprobar a avaliación é necesario obter un 5 (4.5) na suma dos distintos apartados.

A nota final do curso obtense facendo a media das tres avaliacións. Quen non obteña un cinco (4.5) como media das tres avaliacións terá dereito a unha proba final de recuperación.

Os exames ou recuperacións, así como os traballos, deben realizarse e presentarse nas datas previstas. Quen non se presente á proba sen entregar xustificante médico, certificado acreditativo de deber inescusable ou xustificante de morte dun familiar de primeiro ou segundo grao, segundo o establecido no Protocolo para a prevención e control do absentismo escolar en Galicia (Anexo 4 do NOF do Centro) terá un cero na dita proba. No caso de detectar que se copia algunha proba se asume o acordo de claustro de proceder a retirar dita proba dándolle ao alumno a oportunidade de demostrar oralmente os seus coñecementos. No caso de negarse ou de non ser capaz de responder correctamente, poráselle un cero. Se un traballo persoal denota signos evidentes de ter sido copiado será avaliado cun cero. No caso de ser idéntico ao doutro compañeiro, tanto o que copiou como o que permitiu a copia será avaliado negativamente.

**Actividades de recuperación:** Faránse por separado a recuperación da parte teórica e práctica ó final de curso. A parte teórica dividirase nos tres trimestres establecidos (cada alumno/a terá que recuperar o que lle corresponda, incluíndo audicións e preguntas teóricas e definicións) e a parte práctica será única e igual para todos (inclúe: exercicios musicais en papel, expresión vocal, expresión instrumental e medida de diferentes esquemas rítmicos)

**Avaliación extraordinaria**

Estrutura da proba de avaliación extraordinaria de setembro

Instrumento de avaliación	Porcentaxe na cualificación
Proba escrita con tres apartados: - Realización de acompañamentos rítmicos, melódicos ou armónicos / Realización de exercicios rítmicos (p.ex completar compases) melódicos (composición de melodías) e armónicos(ex invertir acordes) / Análise de partituras - Análise dunha audición - Preguntas teóricas	100%

**PLAN DE LECTURA ANUAL**

HORA DE LER: SI

**PROXECTOS/ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS/ PROGRAMAS...**

Colaboración co proxecto de centro: realización de actividades relacionadas co proxecto deste ano (O mar)